



Destinadas a persoas tituladas en **ciclos superiores de FP**

# BOLSAS EUROPA FP- PROXECTO A COREUROPA VIII



**11 BOLSAS**

Para realizar **prácticas formativas durante tres meses** en empresas de **AUSTRIA, FRANCIA, ITALIA e IRLANDA.**

**Período das prácticas: finais de marzo a finais de xuño de 2019.**



**INSCRIPCIÓN**

**Prazo de inscrición: do 13 ao 28 de decembro de 2018.**

**Inscrición: "on line" na web municipal [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)** a través da ficha específica Bolsas Acoreuropa VIII e achegando a documentación requerida a algún dos rexistros municipais.

## **i** MÁIS INFORMACIÓN

No Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (T: 981 184 200, ext. 12038), na web educativa [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion), no correo electrónico [educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es) e nos centros educativos adscritos ao programa.



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUNA  
EDUCACIÓN  
coruna.es



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

# BOLSAS EUROPA FP - PROXECTO A COREUROPA VIII

## Que requisitos son necesarios?

Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP nos centros adscritos ao programa Acoreuropa VIII e ter superada a FCT en xuño ou en decembro 2018.

## Cales son os centros adscritos ao programa Acoreuropa VIII?

CIFP Anxel Casal, CIFP Escola de Imace e Son, CIFP Paseo das Pontes, CIFP Somo, IES Eusebio da Guarda, IES Fernando Wirtz, IES Ramón Menéndez Pidal, IES Urbano Lugo e IES A Sardiñeira.

## Onde se realizarán as prácticas?

- Austria (prácticas en inglés ou alemán): 3 bolsas.
- Francia: 2 bolsas.
- Italia: 3 bolsas
- Irlanda: 3 bolsas

No entanto, o Concello poderá variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico nos destinos solicitados.

## Que cubren as bolsas?

- Viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña ata a poboación de destino.
- Aloxamento na poboación de destino durante o período da estadía.
- Axuda económica para financiar a manutención durante a estadía.
- Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.
- Contrato de formación non laboral por unha empresa do país de destino durante un período de 90 días.
- Titorización da estadía e das prácticas formativas por persoal especializado da empresa e da organización intermediaria no país de destino.
- Preparación lingüística, con acceso a un curso "on line" no idioma do país de destino, a través da plataforma "OLS" da EU.
- Realización de dúas xornadas de preparación específica antes da estadía.

## Onde e como me podo inscribir?

Inscripción "on line" na web municipal [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a través da ficha específica do programa Bolsas Europa FP-Proxecto Acoreuropa VIII.

E presentar nalgún dos rexistros municipais a seguinte DOCUMENTACIÓN (da que existen modelos publicados na dita web municipal):

- ✓ Xustificante da solicitude, asinada.
- ✓ Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte.
- ✓ Fotografía recente tamaño carné.
- ✓ Declaración responsable de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello da Coruña.
- ✓ Se for o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego.
- ✓ Se for o caso, certificación/s do/s título/s oficiais de idioma/s acadado/s.
- ✓ CV Europeo (en inglés).
- ✓ Carta de motivación (en inglés).
- ✓ Application form (en inglés).

## Cales son os criterios de selección?

Segundo as bases publicadas na web municipal:

- ✓ A cualificación media final no ciclo formativo, até 5 puntos.
- ✓ A cualificación do idioma estranxeiro, de acordo ao nivel de lingua estranxeira adquirido no Marco Común Europeo das Linguas até 10 puntos.
- ✓ A valoración do informe da titoría do centro onde a persoa solicitante realizase os seus estudos, até 5 puntos.
- ✓ A entrevista persoal e, se for necesario, proba de idiomas, até 3 puntos. Se neste criterio non se obtén un mínimo de 1,5 puntos, a persoa solicitante será excluída do proceso de selección.
- ✓ Por discapacidade da persoa solicitante igual ou superior ao 33 %, sempre que a súa discapacidade non lle impida o desenvolvemento das prácticas formativas, 2 puntos.

## Onde podo obter máis información?

No servizo municipal de Educación do Concello da Coruña (T: 981 184 200, ext. 12038), no correo electrónico [educacion@coruna.es](mailto:educacion@coruna.es), nas bases publicadas na web [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) e nos centros educativos adscritos ao programa.

## Quen promove o programa?

O Concello da Coruña, a Deputación Provincial da Coruña e o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) do Ministerio de Educación, en colaboración coa Unión Europea.